SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLA COMISIÓN DE GOBERNO
11 DE XUÑO DE 1999

SUMARIO

1.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

2.- DECLARACIÓN DE INTERÉS XERAL DA ACTIVIDADE DE TANATORIO EN COSTEIRA-QUINTELA.

3.- PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN DE INMOBLES EXISTENTES NAS ILLAS DE SAN SIMÓN E SAN ANTONIO.

4.- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN RESTAURACIÓN DA RESIDENCIA "STELLA MARIS".

5.- PROPOSTA DA PRESIDENTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, VÍAS E OBRAS SOBE A URBANIZACIÓN DE NOVA RÚA, ENTRE R/ EIDOS E CAMPO DAS REDES.

6.- LICENCIAS DE OBRA

7.- SUSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENCIA DE TAXI Nº 51

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as dezaoito horas, trinta minutos do día once de xuño de mil novecentos noventa e nove, previa convocatoria, reuníronse os seguintes Sres/as Concelleiros: DONA FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. XAIME DARRIBA VILAS, D. FRANCISCO PUCH CASAL, DON GUMERSINDO FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. JOSÉ MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. LUIS RODRÍGUEZ VILARCHÁN e DONA MARÍA DEL CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. AMADO RICÓN VIRULEGIO, e asistidos de min, D. LUIS TORRADO VÁZQUEZ, Secretario Xeral do Concello, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria urxente da Comisión de Goberno, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a trata-los seguintes puntos da Orde do Día.

1.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Pola Presidencia, proponse ós membros da Comisión de Goberno a declaración da urxencia da presente sesión.

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos seus membros, aprobou a proposta da Presidencia, e na súa consecuencia declarou URXENTE a convocatoria da presente sesión.

2.- DECLARACIÓN DE INTERÉS XERAL DA ACTIVIDADE DE TANATORIO EN COSTEIRA-QUINTELA.

Pola Presidencia, dase conta da Proposta da Alcaldía de data 11 de xuño de 1999, que transcrita di:

Con data nove de febreiro do ano que andamosx por D. José Santos Dubra, presentouse instancia, acompañada de proxecto, en solicitude de autorización previa para a construcción dun tanatorio en Costeira-Quintela, en solo clasificado como non urbanizable común (rústico común).

Con data 24.2.99 emitiuse informe técnico polo Sr. Arquitecto Asesor Municipal.

Sometido o expediente a información pública foron presentadas alegacións por D. Xosé Carlos Pazos Docampo, en representación do Grupo Municipal do B.N.G. e por D. Xaime Rei Barreiro, en nome do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE.

Con data 28 de maio do ano en curso emitiuse informe polo Sr. Secretario Xeral do Concello.

PROPOSTA

Esta Alcaldía, á Comisión de Goberno ten a ben propoñer a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar de interés xeral a mencionada actividade.

Segundo.- Informar favorablemente o expediente e elevalo con todo o actuado ó Servicio Provincial de Urbanismo.

Non obstante a Comisión de Goberno resoverá.

Concedida a palabra pola Presidencia, o Concelleiro Sr. SOTO VIRULEGIO, procede a dar lectura ó informe do Sr. Secretario Xeral, de data 28 de maio de 1999, que transcrito di:

1).- <u>Competencia servicios mortuorios</u>.- A lei 7/85 de 18 de Abril no seu artigo 25.j) recoñece competencias ós Municipios en materia de servicios funerarios de acordo co disposto na Disposición Transitoria Segunda da cita Lei e Lexislación Sectorial.

Así mesmo o Artigo 86.3 da Lei antes citada establecía unha reserva en favor das Entidades Locais, en relación co servicio mortuorio que segundo o último inciso doreferido precepto legal podería ser en réxime de monopolio se fora aprobado pola Comunidade Autónoma.

Na actualidade o R.D.L 7/96 de medidas urxentes de carácter fiscal e liberalización de actividade económica. Son de aplicación así mesmo os Artigos 77.3 e 4 de Lei 1/97 do

Solo de Galicia e NN.SS. de planeamento deste Concello.

2).- Prestación servicio mortuorio: a) Polo Concello.- Si a actividade vai a prestala o Concello e habida conta de que a mesma terá a natureza da actividade económica, haberá que instrui-lo correspondente expediente administrativo de conformidade co previsto no Artigo 97 do Texto Refundido que prevé: "Un acordo inicial, redacción dunha Memoria, exposición ó público e aprobación do proxecto polo Pleno da entidade local.

b).- R.D. Lei 7/96 de 7 de Xuño.- Sen perxuizo de que se haxa liberalizado o servicio, o Artigo 22 da referida Lei dispón que os Concellos poderán someter a autorización a prestación de ditos servicios. A autorización terá carácter reglado, debéndose precisar normativamente os requisitos obxectivos necesarios para obte-la e se concedera a todo solicitante que reúna os requisitos esixidas e acredite dispor dos medios materiais esixidos para efectua-lo transporte de cadáveres.

Da norma transcrita dedúcese:

1°.- É potestativo do Concello someter ás empresas funerarias e autorización que regula o R.D. Lei antes citada.

2°.- Caso de esixirse tal autorización debe de aprobarse un Regulamento e seguirse na tramitación do mesmo o procedemento previsto polo Artigo 49 da Lei 7/85 de 18 de abril.

3°.- A licencia por tanto ten carácter reglado; é dicir que unha vez solicitada debe de concederse si a solicitude cumpre cos requisitos esixidos na Ordenanza vixente no momento da solicitude.

4°.- Os requerimentos que pode esixi-la Ordenanza para a concesión da licencia terán carácter obxectivo, ou sexa sinalar os requisitos mínimos en materia de medios personais e materiais cos que contará a empresa funeraria.

3).- Licencia de apertura.- A actividade de prestación do servicio funerario está suxeita ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, e debe de seguirse a tramitación prevista no mesmo, coas modificacións que a este Regulamento fai o Artigo 43 do

Decreto 2263/74 de 20 de Xullo de Policía Sanitaria mortuoria que dispón: A autorización para o establecemento de toda empresa funeraria correspondente outorgala á autoridade municipal, pero non poderá dita autoridade concedela sen o informe favorable previo da Xefatura Provincial de Sanidade (hoxe organismo competente da Comundiade Autónoma) e no seu caso da Comisión Provincial de Servicios Técnicos (hoxe Comisión Provincial de Urbanismo).

4).- <u>Requisitos para poder presta-lo servicio mortuorio</u>.- O Artigo 139 do R.D. 1211/90 de 28 de Setembro, modificado polo R.D. 927/98 de 14 de Maio, polo que se aproba o Regulamento de Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, dispón que: Na realización dos servicios de transporte funerario deberán de respetarse as normas vixentes de policía sanitaria mortuoria, debendo de cumpri-los vehículos todos aqueles requisitos técnicos e sanitarios que, no seu caso, establezan os Ministerios de Industria e Enerxía e de Sanidade e Consumo.

Dende o punto de vista da policía sanitaria mortuoria os feretros están regulamentados nos artigos 40 e 41 do Decreto 2263/74 de 20 de Xullo, de Policía Sanitaria mortuoria e nos Artigos 42 e seguintes do citado Decreto se regula opersoal, medios materiais, persoal, etc., das empresas funerarias.

Además o Artigo 44 do aludido Decreto dispón que: Tódalas empresas funerarias públicas ou privadas, serán inspeccionadas pola Xefatura Provincial de Sanidade correspondente, alomenos unha vez cada ano. Obviamente tamén a Ordenanza Municipal pode contempla-la posibilidade de inspección e sanción por incumprimentos de tipo sanitario ou doutra natureza relacionados co servicio funerario.

Con respecto ó servicio de transporte funerario o Artigo 139 do R.D. 1211/90 de 28 de Setembro, modificado polo RD. 927/98 de 14 de Maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres califican o transporte de referencia como privado, e se sole esixir para que estes transportes poidan desenrola-la súa actividade a tarxeta especial de transporte VF (vehículo funerario), aparte naturalmente de esixir a I.T.V. o C.I.F. da empresa e a identificación do conductor (D.N.I.) pois só el estará autorizado a conducir tal vehículo.

5).- <u>Dictame Comisión Informativa</u>.- Considerando que

previamente ó outorgamento da Licencia de Apertura debería de determinarse se vai a se-lo Concello ou non quen vai a presta-los servicios mortuorios e a súa regulamentación, e considerando que estas cuestións son competencia do Pleno do Concello, os aspectos referidos neste informe deben de ser dictaminados previamente pola Comisión Informativa de Sanidade.

6).- Información Pública.- Durante o periodo de información pública presentáronse contra este expediente dúas alegacións formuladas polo B.N.G. e polo PSdeG-PSOE, que deberá resolver esta Corporación.

A continuación maniféstase polo Concelleiro Sr. SOTO VIRULEGIO o seu desacordo co criterio exposto no informe do Sr. Secretario Xeral xa que non e consecuente coa liberalización que se ten operado na materia, e respecto das alegacións presentadas polo BNG e PsdeG-PSOE, propón que se engada á proposta un apartado mais no senso de desestimar as mesmas en base á súa falta de base legal.

A Comisión de Goberno, coa abstención da Concelleira Sra. CANAL GÓMEZ, e o voto afirmativo de resto dos seus membros, acordou prestar a súa aprobación á proposta transcrita, co engadido proposto polo Concelleiro Sr. Soto Virulegio, referente á desestimación das alegacións presentadas.

3.- PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN DE INMOBLES EXISTENTES NAS ILLAS DE SAN SIMÓN E SAN ANTONIO.

Pola Presidencia, dase conta do PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN DE INMOBLES EXISTENTES NAS ILLAS DE SAN SIMÓN E SAN ANTONIO, redactado polo Arquitecto César Portela Jardón.

Así mesmo, dase conta do informe emitido polo Sr. Secretario en data 11 de xuño de 1999, que transcrito di:

PRIMEIRO.- Despois da celebración no día de hoxe 11-6-98 dun pleno extraordinario, sobre as 11:00 horas do día antes citado, se me fai entrega dun proxecto técnico redactado polo Arquitecto D. Cesar Portela Fernández-Jardón, para rehabilitación de edificios na Illa de San Simón e San Antonio, solicitándose licencia polo Director Xeral do Patrimonio Cultural, sen que tal documento houbera tido entrada neste Concello.

Se me solicita que se emita informe nunhas horas e nun asunto de enorme envergadura e transcedencia que require un mínimo estudio do mesmo.

SEGUNDO.- Non consta no expediente do proxecto en cuestión acordo algún de aprobación do Plano Director das Illas de San Simón e San Antonio.

Así mesmo as referidas Illas teñen incoado un expediente para a declaración de bén de interese cultural actualmente en trámite.

Tal expediente de declaración de ben de interese cultural supón a suspensión de licencias respecto dese inmoble.

Para obviar tal suspensión consta noexpediente unha resolución do Director Xeral do Patrimonio Cultural autorizando o proxecto básico de referencia atendendo a causas de forza maior e circunstancias que determinan a súa consideración como de interese xeral sen que estean determinadas as razóns alegadas.

Doutro xeito non se ten en consideración polo que se refire á concesión da licencia municipal ó disposto no artigo 37 e expresamente no 47.2 da Lei 8/95 de 30 de Outubro do Parlamento de Galicia. Así mesmo o Artigo 35 da Lei citada fai referencia a un inmoble concreto e o proxecto en cuestión refírese a actuacións nun ámbito máis amplo.

O proxecto sometido a informe estima no seu contido a solicitude de licencia de edificación con proxectos de infraestructuras e á rehabilitación en sí dun inmoble con usos distintos dos que inicialmente corresponderían ós mesmos.

TERCEIRO.- Non consta no informe emitido polo Sr. Arquitecto Asesor a clasificación e calificación do solo segundo a normativa urbanística municipal no que estén ubicados os edificios para os que se solicita licencia.

Se ampara o informe citado nos Artigos 67 e 68 das NN.SS. de Planeamento deste Concello, sin que podan ser de aplicación en todo oseu contido xa que polo menos tal predicamento non pode aplicarse as obras de infraestructuras que se contemplan no proxecto aludido.

Así mesmo no Artigo 68 das Normas citadas se fai referencia recintos protexidos como sería este caso e por outro lado se establece que nas obras de reparación ou conservación non poderán utilizarse materiais distintos ós existentes e non se permiten ampliacións que afecten ó conxunto orixinal.

Así mesmo no citado artigo se establece unha prohibición de derribo de tódolos elementos catalogados.

Considero que así mesmo non é de aplicación o referente á disposición transitoria novena, punto 2.3 do Real Decreto 1471/89 e que por contra se precisa que se conte coa correspondente autorización de Costas.

CUARTO.- Polo que se refire ó proxecto o mesmo non conta co visado do respectivo Colexio Oficial e asi mesmo non tivo entrada no rexistro do Concello nin acreditado o pago das taxas correspondentes.

En base ó exposto se emite informe desfavorable con respecto á licencia de obras do proxecto en cuestión.

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos seus membros, acordou deixar o asunto SOBRE DA MESA

4.- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN RESTAURACIÓN DA RESIDENCIA "STELLA MARIS".

Pola Presidencia, dase conta do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN RESTAURACIÓN DA RESIDENCIA "STELLA MARIS", redactado polo Arquitecto César Portela Jardón.

Así mesmo, dase conta do informe do Sr. Secretario emitido en data 11 de xuño de 1999, que transcrito di:

PRIMEIRO.- Tódalas consideracións vertidas por este Secretario no meu informe referente á rehabilitación de inmobles nas Illas de San Simón e San Antonio, son de aplicación a este expediente.

SEGUNDO.- Que a documentación de memoria do proxecto de D. Cesar Portela Fernández-Jardón non ten a sinatura correspondente e de que así mesmo non foi presentado no Rexistro de Entrada deste Concello.

Por todo o exposto, emítese o presente informe desfavorable á concesión de licencia obxecto deste expediente.

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos seus membros, acordou deixar o asunto SOBRE DA MESA

5.- PROPOSTA DA PRESIDENTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, VÍAS E OBRAS SOBE A URBANIZACIÓN DE NOVA RÚA, ENTRE R/ EIDOS E CAMPO DAS REDES.

Pola Presidencia, dase conta da proposta da Presidenta da Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras, de data 24 de maio de 1999, que transcrita di:

Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos polo Sr. Arquitecto Asesor Municipal e Sr. Secretario Xeral do concello de Redondcela de carácter favorable, esta Concellalía ven en propoñer á Comisión de Goberno a aprobación do seguinte proxecto:

URBANIZACIÓN DE NUEVA CALLE, ENTRE C/ EIDOS Y CAMPO DE REDES, presentado proxecto técnico de D. Lino Couñago Taibo en representación de Promociones Lino Catelina, S.L., redactado polo Enxeñeiro D. Manuel Cameáns Rodríguez e visado polo respectivo Colexio en data 20.11.98 para a execución das obras de urbanización antes citada.

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos seus membros, acordou prestar a súa aprobación á proposta transcrita.

6.- LICENCIAS DE OBRA

Pola Presidencia, dase conta da proposta da Presidenta da Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras, de data 11 de xuño de 1999, que transcrita di:

Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos polos Servicios Técnicos Municipais e Secretario Xeral do concello, respectivamente, con carácter favorable, esta Presidencia ven en propoñer á Comisión de Goberno a concesión das seguintes licencias de obra coas condicións sinaladas nos informes que obran nos expedientes e especificacións seguintes:

Expte. 131/98.- A D. JOSÉ ÁNGEL BARREIRO FERNÁNDEZ, domiciliado en Picón, 6 - Ponteareas, para construcción de vivenda unifamiliar composta de semisoto, baixo e baixocuberta, de 5,35m de altura, 232m³ de volume e 5,00% de ocupación de parcela, cun orzamento de 9.181.513 pesetas, en Quinteiro - Quintela, en solo non urbanizable común (rústico común). De acordo co proxecto redactado polos Arquitectos Francisco Montoya Castñón e Agustín Canales Barrutia, visado polo C.O.A.G., Subdelegación de Vigo, en data 12-3-98.

As obras deberán iniciarse nos seis meses seguintes á concesión da licencia e concluir ós trinta meses do acordo de concesión.

Expte. 367/98.- A DONA DOLORES BLANCO COSTAS, con domicilio en Caeiro - Cabral, 221 - Vigo, para construcción de vivenda unifamiliar composta de soto, planta baixa e ático de 6,05m de altura, 500m³ de volume e 16,5% de ocupación de parcela, cun orzamento de 12.811.667 pesetas, en Parada - Chapela, en solo urbano común. De acordo co proxecto redactado polo Arquitecto Jesús Alonso Taboada, visada polo COAG, Subdelegación de Vigo, con data 13 de maio de 1999.

As obras deberán iniciarse nos seis meses seguintes á concesión da licencia e concluir ós trinta meses do acordo de concesión.

Expte. 23/99.- A D. FRANCISCO FRANCO PUGA, domiciliado en Catapeixe, 17 - Cesantes, para construcción de vivenda unifamiliar composta de semisoto, baixo e baixocuberta, de 7,00m de altura, 423,77m³ de volume e 12,63% de ocupación de parcela, cun orzamento de 9.257.349 pesetas, en San Pedro -

Cesantes, en solo urbano común. De acordo co proxecto redactado polo Arquitecto D. Jaime Iglesias Taibo, visado polo COAG, Subdelegación de Vigo, con data 11 de xaneiro de 1999, escritura pública nº 933/99 de 26 de maio, da Notaría de Redondela, de segregación e cesión obrigatoria ó Concello de 10m² de terreo, que se aceptan, para ensanche da estrada, e aval por importe de 50.000 pesetas para respostar da obriga de urbaniza-los terreos cedidos.

As obras deberán iniciarse nos seis meses seguintes á concesión da licencia e concluir ós trinta meses do acordo de concesión.

Expte. 156/99.- A PROMOCIONES VILAVEDRA, S.L., con domicilio en Ernestina Otero, 43 - Baixo, para construcción de edificio, para garaxes, locais comerciais e vivendas, de 18 m de altura, 7.322,90m³ de volume e 100% de ocupación de parcela, cun orzamento de 113.518.487 pesetas, en Avda. Ernestina Otero, en solo urbano. De acordo co proxecto redactado polos Arquitectos Francisco Montoya Castañón e Agustín Canales Barrutia, visado polo COAG, Subdelegación de Vigo, con data 18 de maio de 1999

Previo o inicio das obras deberá presentar o proxecto de execución visado polo colexio correspondente.

Expte. 343/98.- A DONA MARÍA TERESA TOJEIRO PÉREZ Y HERMANOS, domiciliada en Ernestina Otero, 35, para construcción de edificio de pranta baixa e catro pisos de 11,35m de altura, 2211,04m³ de volume e 100% de ocupación de parcela, cun orzamento de 29.063.600 pesetas, en Praza Santiago Apóstol, 2, en solo urbano. De acordo co proxecto redactado polos Arquitectos Eduardo Fraga Fernández e Arturo Fraga Fernández, visado polo C.O.A.G., Subdelegación de Vigo, con data 8-9-98.

As obras deberán iniciarse nos seis meses seguintes á concesión da licencia e concluir ós trinta meses do acordo de concesión.

Expte. 178/99.- A DONA ISABEL VÁZQUEZ GÓMEZ, domiciliada en General Rubín, 27, para reforma e adición de duas prantas de 12m de altura, 1.570,4m³ de volume e 100% de ocupación de parcela, cun orzamento de 13.561.903 en Xeral Rubín, en solo urbano. De acordo co proxecto redactado polo Arquitecto Agustín Arteta Loredo, visado polo C.O.A.G., Subdelegación de

Vigo, con data 21-05-99.

As obras deberán iniciarse nos seis meses seguintes á concesión dalicsencia e concluir ós trinta meses do acordo de concesión.

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos seus membros, acordou prestar a súa aprobación á proposta transcrita.

7.-SUSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENCIA DE TAXI Nº51

Pola Presidencia, dase conta da proposta do Presidente da Comisión Informativa de Interior, de data 10 de xuño de 1999, que transcrita di:

"Vista a instancia asinada por D. JUAN JOSÉ MARIÑO MARIÑO, con enderezo en Subida a Mouriño, 38 - Chapela titular da licencia municipal de taxi nº 51, solicitando autorización para proceder á sustitución do vehículo marca RENAULT, modelo 21, matrícula PO-0803-AU, que ten adscrito ó Servicio Público, polo novo vehículo marca SEAT, modelo TOLEDO TDI, matrícula PO-9346-BL.

Examinada a documentación aprotada polo interesado e o informe técnico favorable, o Presidente da Comisión Informativa de Interior, ten a ben propoñer á Comisión de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la sustitución solicitada e a adscrición do novo vehículo á devandita licencia, debendo pintar en ámbalas dúas portas dianteiras do vehículo o ecudo da vila e mailo número da Licencia Municipal, número que tamén se pintará na luneta posterior, dotándoas de luz para a súa percepción durante a anoite, extremos que se cumprirán antes da posta en servicio do automóbil. (Taxas ingresadas)-."

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos seus membros, acordou prestar a súa aprobación á proposta transcrita.

E, non sendo outro o obxecto desta sesión, pola Presidencia levántase a mesma, sendo as vinte horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio 67 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 0362404, ata o folio 72, Serie A nº0362409, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE **O SECRETARIO**

AMADO RICON VIRULEGIO LUIS TORRADO VAZQUEZ